

ACTA NÚMERO: 47/2025

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 11 DE DECEMBRO DE 2025.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 11 de decembro de 2025 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais
- D. Carmen de Peña Vidal, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 4 de decembro de 2025 (Reunión 46/2025).
2. Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora de seguridade viaria e drenaxe lonxitudinal na E.P. 0018 Xeve-Amil-A Espedregueira, dende o P.Q. 1+930 ao P.Q. 2+130 (Concello de Pontevedra)". (Expte.- 2025057071).
3. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Intervención da mellora da accesibilidade da Vía da Prata (Tramo da E.p. 6511 p.q. 0+000 - 0+150 Bandeira (Concello Silleda)". (Expte.- 2024080447).
4. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Ponteareas)-PRTR". (Expte.- 2024078759).
5. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación dos servizos de implantación e mantemento dun videoxogo para dispositivos móbiles centrado na historia medieval do Castelo de Soutomaior, do programa a competitividade e de dinamización do patrimonio histórico co uso turístico, no marco do plan de Recuperación, Transformación e Resilencia - Financiado pola Unión Europea Nextgeneration EU. (Expte.- 2025051862).
6. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación de implantación e mantemento dun videoxogo para dispositivos móbiles centrado na historia medieval do Castelo de Soutomaior, do programa a competitividade e de dinamización do patrimonio histórico co uso turístico, no marco do plan de Recuperación, Transformación e Resilencia - Financiado pola Unión Europea Nextgeneration EU. (Expte.- 2025051862).
7. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto para a contratación da subministración de licenzas para o software IBM filenet content manager da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025065257).
8. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto para a contratación da subministración de licenzas para o software IBM filenet content manager da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025065257).
9. Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes coa documentación administrativa e ofertas avaliables mediante fórmulas, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do "Servizo de mantemento dos aparatos elevadores e portas automáticas en diversos edificios da Deputación de Pontevedra.". (Expte.- 2025051907).

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo



Provincial do PSdeG-PSOE e Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 4 de decembro de 2025 (Reunión 46/2025).*

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 4 de decembro de 2025 (Reunión 46/2025).

2. *Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora de seguridade viaria e drenaxe lonxitudinal na E.P. 0018 Xeve-Amil-A Espedregueira, dende o P.Q. 1+930 ao P.Q. 2+130 (Concello de Pontevedra)". (Expte.- 2025057071).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación número 2025009103 de data 12 de novembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do contrato para execución da obra "Mellora de seguridade viaria e drenaxe lonxitudinal na E.P. 0018 Xeve-Amil-A Espedregueira, dende o P.Q. 1+930 ao P.Q. 2+130 (Concello de Pontevedra)".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de novembro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á efectuar a descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:



- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- CONSTRUCCIONES VALE, SL
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.
- NAROM, S.L.

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	56.800,00 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	56.945,53 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	58.430,85 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	54.171,29 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES VALE, SL	57.227,86 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	61.376,94 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	55.926,67 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	59.216,47 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	60.499,25 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

A continuación procédese á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas, EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L., e CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir as citadas empresas para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifiquen as ofertas e precisen as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.



3. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Intervención da mellora da accesibilidade da Vía da Prata (Tramo da E.p. 6511 p.q. 0+000 - 0+150 Bandeira (Concello Silleda)". (Expte.- 2024080447).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación número 2025009254 de data 17 de novembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Intervención da mellora da accesibilidade da Vía da Prata (Tramo da E.p. 6511 p.q. 0+000 - 0+150 Bandeira (Concello Silleda)".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 18 de novembro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

4. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Pontearreas)-PRTR". (Expte.- 2024078759).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria de data 14 de novembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *“Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o P.Q. 0+810 ata o P.Q. 1+710 (Concello de Ponteareas)-PRTR”*.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17 de novembro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- NAROM, S.L.

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

5. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “A” do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación dos servizos de implantación e mantemento dun videoxogo para dispositivos móbiles centrado na historia medieval do Castelo de Soutomaior, do programa a competitividade e de dinamización do patrimonio histórico co uso turístico, no marco do plan de Recuperación, Transformación e Resilencia - Financiado pola Unión Europea Nextgeneration EU. (Expte.- 2025051862).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, na sesión de data 30 de outubro de 2025, procedeuse á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres “A”, correspondentes á



documentación administrativa e ofertas avaliadas mediante xuízos de valor, presentadas polas empresas que participan no procedemento referenciado.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acordou admitir ás seguintes empresas:

- Kendra Realidades Alternativas, S.L. (NIF: B27859321)
- Península Corporate Innovation, S.L. (NIF: B66585613)

A continuación, acordouse trasladar a documentación técnica que presentaron as empresas admitidas ao servizo de Turismo Rías Baixas co obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

A xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, conxuntamente co xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, emitiu informe de valoración dos criterios avaliados mediante xuízos de valor, con data 10 de decembro de 2025 e con CSV: RIT8XMKS5RWFAF71, sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		PUNTUACIÓN MÁXIMA	Kendra Realidades Alternativas, S.L.	Península Corporate Innovation, S.L.
Deseño narrativo e de xogo		8,000	8,000	8,000
Deseño da experiencia de realidade aumentada (RA)		8,000	6,000	7,000
Sistema de progresión e recompensa final		5,000	5,000	4,000
Arquitectura técnica		5,000	5,000	5,000
Demostración práctica da solución proposta	Demostración da capacidade da realidade aumentada (RS) para exteriores	3,000	3,000	0,000
	Demostración de experiencia relevante en mecánicas de xogo e gamificación	3,000	3,000	0,000
	Demostración de capacidades tecnolóxicas avanzadas en RA	8,000	8,000	0,000
	TOTAL	14,000	14,000	0,000
PUNTUACIÓN TOTAL "SOBRE A"		40,000	38,000	24,000

A Mesa de Contratación, en base a dito informe, acorda:

- 1) Prestar conformidade as citadas puntuacións, acadadas polas empresas admitidas.



- 2) Proceder á apertura dos sobres “B”, relativos ás ofertas avaliáveis mediante criterios automáticos, das empresas Kendra Realidades Alternativas, S.L. (NIF: B27859321) e Península Corporate Innovation, S.L. (NIF: B66585613), ao alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliáveis mediante fórmulas (20,00 puntos), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

6. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes á documentación avaliável mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación de implantación e mantemento dun videoxogo para dispositivos móbiles centrado na historia medieval do Castelo de Soutomaior, do programa a competitividade e de dinamización do patrimonio histórico co uso turístico, no marco do plan de Recuperación, Transformación e Resilencia - Financiado pola Unión Europea Nextgeneration EU. (Expte.- 2025051862).

O Secretario da Mesa de Contratación informa aos asistentes da puntuación acadada nos sobres “A” polas empresas admitidas no procedemento, sendo as seguintes:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		PUNTUACIÓN MÁXIMA	Kendra Realidades Alternativas, S.L.	Península Corporate Innovation, S.L.
Deseño narrativo e de xogo		8,000	8,000	8,000
Deseño da experiencia de realidade aumentada (RA)		8,000	6,000	7,000
Sistema de progresión e recompensa final		5,000	5,000	4,000
Arquitectura técnica		5,000	5,000	5,000
Demostración práctica da solución proposta	Demostración da capacidade da realidade aumentada (RS) para exteriores	3,000	3,000	0,000
	Demostración de experiencia relevante en mecánicas de xogo e gamificación	3,000	3,000	0,000
	Demostración de capacidades tecnolóxicas avanzadas en RA	8,000	8,000	0,000
	TOTAL	14,000	14,000	0,000
PUNTUACIÓN TOTAL “SOBRE A”		40,000	38,000	24,000

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, unha vez aprobada a valoración da documentación contida nos sobres “A”, procédese a continuación á apertura dos sobres “B”, correspondentes coas ofertas avaliáveis mediante fórmulas, das empresas admitidas que non



resultaron excluídas e que acadaron unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima permitida nos sobres "A".

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres "B", correspondentes coas ofertas avaliadas mediante criterios automáticos, presentadas polas empresas que continúan no devandito procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

Kendra Realidades Alternativas, S.L. (NIF: B27859321)

1. Menor prezo ofertado para a implantación:

Importe sen o IVE:	57.000,00 €
IVE (21 %):	11.970,00 €
Importe total ofertado:	68.970,00 €

2. Menor prezo ofertado para o mantemento:

Importe sen o IVE:	1.500,00 €
IVE (21 %):	315,00 €
Importe total ofertado:	1.815,00 €

3. Incremento do número de idiomas, por riba do mínimo establecido:

☐	Non oferta idiomas adicionais aos mínimos requiridos nos pregos
☒	Inglés
☒	Portugués

4. Redución do tempo de resposta de incidencias recollido nos ANS

Tempo máximo de resposta as incidencias	12 horas
--	----------

5. Ampliación do período de garantía:



☐	Non oferta garantía adicional por riba do mínimo requirido (3 anos)
☐	Oferta 1 ano adicional de garantía por riba do mínimo requirido (3 anos)
☒	Oferta 2 anos adicionais de garantía por riba do mínimo requirido (3 anos)

6. Acceso a tódolos contidos da app en modo offline:

☐	Non oferta acceso a todos os contidos offline
☒	Oferta acceso a todos os contidos offline

Península Corporate Innovation, S.L. (NIF: B66585613)

1. Menor prezo ofertado para a implantación:

Importe sen o IVE:	54.599,31 €
IVE (21 %):	11.465,86 €
Importe total ofertado:	66.065,17 €

2. Menor prezo ofertado para o mantemento:

Importe sen o IVE:	4.655,71 €
IVE (21 %):	977,70 €
Importe total ofertado:	5.633,41 €

3. Incremento do número de idiomas, por riba do mínimo establecido:

☐	Non oferta idiomas adicionais aos mínimos requiridos nos pregos
☒	Inglés
☒	Portugués

4. Redución do tempo de resposta de incidencias recollido nos ANS

Tempo máximo de resposta as incidencias	60 horas (redución en 12 horas)
--	---------------------------------

5. Ampliación do período de garantía:

☐	Non oferta garantía adicional por riba do mínimo requirido (3 anos)
☐	Oferta 1 ano adicional de garantía por riba do mínimo requirido (3 anos)



☒	Oferta 2 anos adicionais de garantía por riba do mínimo requirido (3 anos)
-------------------------------------	--

6. Acceso a tódolos contidos da app en modo offline:

☐	Non oferta acceso a todos os contidos offline
☒	Oferta acceso a todos os contidos offline

Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

	Kendra Realidades Alternativas, S.L.	Península Corporate Innovation
Menor prezo ofertado para a implantación, sen IVE (Máx. 22 puntos)	12,490 puntos	16,706 puntos
Menor prezo ofertado para o mantemento, sen IVE (Máx. 19 puntos)	19,000 puntos	4,662 puntos
Incremento do número de idiomas, por riba do mínimo establecido (Máx. 4 puntos)	4,000 puntos	4,000 puntos
Redución do tempo de resposta de incidencias recollido nos ANS (Máx. 4 puntos)	4,000 puntos	4,000 puntos
Ampliación do período de garantía (Máx. 5 puntos)	5,000 puntos	5,000 puntos
Acceso a tódolos contidos da app en modo offline (Máx. 6 puntos)	6,000 puntos	6,000 puntos
TOTAL SOBRES “B”	50,490 puntos	40,368 puntos

En base ao exposto a Mesa de contratación acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas que participan ao procedemento aberto simplificado convocado para contratación do “servizo de implantación e mantemento dun videoxogo para dispositivos móbiles centrado na historia medieval do Castelo de Soutomaior, do programa a competitividade e de dinamización do patrimonio histórico co uso turístico, no marco do plan de Recuperación, Transformación e Resilencia - Financiado pola Unión Europea Nextgeneration EU”, que queda da seguinte forma:



Posición	Licitador	Sobres “A”	Sobres “B”	Puntuación total
1ª	Kendra Realidades Alternativas, S.L. (NIF: B27859321)	38,000 puntos	50,490 puntos	88,490 puntos
2º	Península Corporate Innovation, S.L. (NIF: B66585613)	24,000 puntos	40,368 puntos	64,368 puntos

- 2) Propor ao órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do *“servizo de implantación e mantemento dun videoxogo para dispositivos móbiles centrado na historia medieval do Castelo de Soutomaior, do programa a competitividade e de dinamización do patrimonio histórico co uso turístico, no marco do plan de Recuperación, Transformación e Resilencia - Financiado pola Unión Europea Nextgeneration EU”*, á empresa licitadora Kendra Realidades Alternativas, S.L. (NIF: B27859321), que acada a mellor puntuación, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polos prezos e valores ofertados.

A Mesa de Contratación comproba que Kendra Realidades Alternativas, S.L. (NIF: B27859321) atópase inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, que se atopa debidamente constituída e non está incurso en prohibicións para contratar.

- 3) Facultar ao Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa Kendra Realidades Alternativas, S.L. (NIF: B27859321), mediante comunicación electrónica, para que no prazo de 7 días hábiles contando dende o seu envío, aporte a documentación establecida nos pregos para a adxudicación do contrato.

Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

- 7. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto para a contratación da subministración de licenzas para o software IBM filenet content manager da Deputación de Pontevedra. (Expte.-2025065257).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 14 de novembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración de licenzas para o software IBM filenet content manager da Deputación de Pontevedra.



O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público en data 19/11/2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir a seguinte empresa:

- TEKNEI INFORMATION TECHNOLOGY, S.L. B86275112

8. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto para a contratación da subministración de licenzas para o software IBM filenet content manager da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025065257).

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores e que a única empresa presentada e admitida foi a seguinte:

- TEKNEI INFORMATION TECHNOLOGY, S.L. B86275112

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desenscriptación e descarga da documentación presentada no sobre “B” da única empresa presentada e admitida, sendo os valores ofertados os seguintes:

Menor Prezo ofertado:

Importe sen o IVE: 130.685,77 €

IVE (21%): 27.444,01 €

Importe total ofertado: 158.129,78 €



A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar a oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

9. *Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes coa documentación administrativa e ofertas avaliábles mediante fórmulas, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do "Servizo de mantemento dos aparatos elevadores e portas automáticas en diversos edificios da Deputación de Pontevedra."* (Expte.- 2025051907).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por Resolución Presidencial 2025009229, de data 17/11/2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do *"Servizo de mantemento dos aparatos elevadores e portas automáticas en diversos edificios da Deputación de Pontevedra"*.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 18/11/2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia da Plataforma de Contratación do Sector Público, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres "únicos", correspondentes á documentación administrativa e ofertas avaliábles mediante criterios automáticos, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:

- ORONA S. COOP. (F20025318)
- ASCENSORES ENOR, S.L. (B36650992)
- SCHINDLER, S.A. (A50001726)



- OTIS MOBILITY, S.A. (A28011153)

Os valores ofertados foron os seguintes:

ORONA S. COOP. (F20025318)

		Prezo ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo ofertado con IVE
☒	LOTE 1	7.614,84 €	1.599,12 €	9.213,96 €
☒	LOTE 2	2.600,64 €	546,13 €	3.146,77 €
☒	LOTE 3	2.561,16 €	537,84 €	3.099,00 €
☒	LOTE 4	1.656,00 €	347,76 €	2.003,76 €

ASCENSORES ENOR, S.L. (B36650992)

		Prezo ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo ofertado con IVE
☒	LOTE 1	9.600,00 €	2.016,00 €	11.616,00 €
☒	LOTE 2	1.800,00 €	378,00 €	2.178,00 €
☒	LOTE 3	2.280,00 €	478,80 €	2.758,80 €

SCHINDLER, S.A. (A50001726)

		Prezo ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo ofertado con IVE
X	LOTE 1	7.392,00 €	1.552,32 €	8.944,32 €
X	LOTE 2	2.322,00 €	487,62 €	2.809,62 €
X	LOTE 3	2.772,24 €	582,17 €	3.354,41 €
X	LOTE 4	1.579,68 €	331,73 €	1.911,41 €

OTIS MOBILITY, S.A. (A28011153)

		Prezo ofertado sen IVE	IVE (21,00%)	Prezo ofertado con IVE
☒	LOTE1	8.040,00 €	1.688,40 €	9.728,40 €
☒	LOTE 2	1.602,00 €	336,42 €	1.938,42 €
☒	LOTE3	2.700,00 €	567,00 €	3.267,00 €

Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, de conformidade coas fórmulas recollidas no prego, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:



	Menor prezo ofertado sen IVE (Máx. 100 puntos)			
	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3	LOTE 4
ORONA S. COOP. (F20025318)	96,052 puntos	66,443 puntos	73,354 puntos.	76,965 puntos
ASCENSORES ENOR, S.L. (B36650992)	63,514 puntos	93,114 puntos	100,000 puntos	Non oferta
SCHINDLER, S.A. (A50001726)	100,000 puntos	75,504 puntos	51,999 puntos.	96,820 puntos
OTIS MOBILITY, S.A. (A28011153)	88,520 puntos	100,000 puntos	59,348 puntos.	Non oferta

En base ao exposto a Mesa de contratación acorda:

- 4) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas ao procedemento aberto simplificado convocado para contratación do “*Servizo de mantemento dos aparatos elevadores e portas automáticas en diversos edificios da Deputación de Pontevedra*”, que queda da seguinte forma:

LOTE 1		
Posición	Licitador	Puntuación
1ª	SCHINDLER, S.A. (A50001726)	100,000 puntos
2ª	ORONA S. COOP. (F20025318)	96,052 puntos
3ª	OTIS MOBILITY, S.A. (A28011153)	88,520 puntos
4ª	ASCENSORES ENOR, S.L. (B36650992)	63,514 puntos

LOTE 2		
Posición	Licitador	Puntuación
1ª	OTIS MOBILITY, S.A. (A28011153)	100,000 puntos
2ª	ASCENSORES ENOR, S.L. (B36650992)	93,114 puntos
3ª	SCHINDLER, S.A. (A50001726)	75,504 puntos
4ª	ORONA S. COOP. (F20025318)	66,443 puntos

LOTE 3		
Posición	Licitador	Puntuación
1ª	ASCENSORES ENOR, S.L. (B36650992)	100,000 puntos
2ª	ORONA S. COOP. (F20025318)	73,354 puntos.
3ª	OTIS MOBILITY, S.A. (A28011153)	59,348 puntos.
4ª	SCHINDLER, S.A. (A50001726)	51,999 puntos.



LOTE 4		
Posición	Licitador	Puntuación
1ª	SCHINDLER, S.A. (A50001726)	96,820 puntos
2ª	ORONA S. COOP. (F20025318)	76,965 puntos

- 5) Propor ao órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación dos 4 lotes do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do “*Servizo de mantemento dos aparatos elevadores e portas automáticas en diversos edificios da Deputación de Pontevedra*”, ós seguintes licitadores: ó licitador SCHINDLER, S.A. (A50001726) os Lotes 1 e 4; ó licitador OTIS MOBILITY, S.A. (A28011153) o Lote 2; e ó licitador ASCENSORES ENOR, S.L. (B36650992) o Lote 3, que acadan as mellores puntuacións, dacordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polos prezos e valores ofertados.

A Mesa de Contratación comproba que as empresas SCHINDLER, S.A. (A50001726), OTIS MOBILITY, S.A. (A28011153) e ASCENSORES ENOR, S.L. (B36650992) atópanse inscritas no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas. A maiores, compróbase a traves do sistema de intermediación de datos que as 3 empresas atópanse ó corrente de pagos coa AEAT e coa Seguridade Social, e de alta no IAE, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

- 6) Facultar ao Secretario da Mesa de Contratación para que requira ás empresas SCHINDLER, S.A. (A50001726), OTIS MOBILITY, S.A. (A28011153) e ASCENSORES ENOR, S.L. (B36650992), mediante comunicación electrónica, para que no prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío, aporten a documentación establecida nos pregos para a adxudicación do contrato.
- 7) Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte e nove minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

